




Concello de Vigo



Grupo Municipal Socialista de Vigo



AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DE VIGO

Carlos López Font, como voceiro do Grupo Municipal Socialista do Concello de Vigo, e tendo en conta o disposto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Concello de Vigo, presenta as seguintes enmendas ao estado de gastos do proxecto de orzamentos para 2023, e previo acordo do grupo municipal:

Primeira. Incremento da partida do Convenio Federación de Bandas de Música de Vigo.

A necesidade de potenciar a nosa cultura e o tecido de escolas e bandas de música da cidade, como unha forma de actividade social que ten efectos positivos tanto para as persoas que practican dita actividade así como para a sociedade en xeral, aconsellan incrementar a partida para incluír as actuacións que se desenvolven nas distintas festas parroquiais da cidade.

Por iso, se propón detraer 18.200 euros da partida 3340.226.09.05 para incrementar a partida 3340.480.00.10, correspondente ao Convenio da Federación de Bandas de Música.



Concello de Vigo



Grupo Municipal Socialista de Vigo

Segunda. Incorporación dunha nova subvención para as actividades musicais desenvolvidas por unha entidade sen ánimo de lucro relevante na cidade.

A Fundación Mayeysis é unha organización civil declarada de interese galego e cultural sen ánimo de lucro, que desenvolve e promove a música e demais linguaxes artísticas como ferramenta de transferencia de valores para unha sociedade. Nace e ten a súa sede principal en Vigo, actualmente conta con máis de 3.000 metros cadrados adicados a albergar os Centros de Música e Arte Mayeysis, con aulas de Música, Danza, laboratorios e un auditorio cun aforo de 180 butacas e unha versatilidade de espazo que permite albergar hasta 300 persoas.

O proxecto de Mayeysis nace en 1987 na cidade de Vigo cunha misión atemporal e universal: acompañar ás persoas, aos colectivos e á sociedade en xeral a descubrir a súa identidade, a través da linguaxe artística e en particular da música .

O programa proposto denomínase “Conexións-Vigo” e baséase na acción da Imagine Jazz Orquesta, que ten como obxectivo principal o desenvolvemento e a produción de agrupacións artísticas propias como ponte de integración profesional no mercado e industria cultural de novos valores nos ámbitos do Jazz, poñéndoos en contacto cos mellores profesionais e pedagogos. Este programa contempla especialmente a inclusión de todas as idades participando dun resultado de excelencia profesional .

Por iso, se propón detraer 70.000 euros da partida 3340.226.09.05 para crear unha partida cunha subvención nominativa denominada Fundación Mayeysis – Programa Conexións Vigo por dito importe.



Concello de Vigo



Grupo Municipal Socialista de Vigo

Terceiro. Incremento aportación Fundación Marco

No ano 2023 se conmemora o 20 aniversario da Fundación Marco e se desenvolverán unha serie de actuacións que requiren tanto financiación para esta cuestión como cobertura para climatización das exposicións.

Por iso, se propón detraer 50.000 euros da partida 3340.226.09.05 para incrementar a partida asignada á Fundación MARCO nese importe.

Así pois, e visto o interese para a cidade de potenciar as actividades musicais, e o cumprimento dos requisitos legais, se propón a aprobación das dúas enmendadas relacionadas neste escrito.

Carlos López Font

Voceiro do Grupo Municipal Socialista